

Crear conta en Tinkercad


- 1) Navegador: <https://www.tinkercad.com/>
- 2) Clic en **REGISTRARSE** (dereita superior)
- 3) Crear cuenta:
 - País: España
 - Cumpleaños: Mes/ Día / Año
 - Clic en **SIGUIENTE**
- 4) Crear cuenta:
 - Correo electrónico
 - Contraseña
 - √ Acepto los [Términos del servicio de Tinkercad](#) y la [Declaración de privacidad de Autodesk](#).
 - Clic en **CREAR CUENTA**
- 5) Cuenta creada
 - Clic en **HECHO**
 - Redireccionando...
 - Cargando Interface

Iniciar sesión en Tinkercad

- 1) Navegador: <https://www.tinkercad.com/>
- 2) Clic en **INICIAR SESIÓN** (dereita superior)
- 3) Iniciar sesión:
 - Correo electrónico
 - Clic en **SIGUIENTE**
- 4) Bienvenido:
 - Contraseña
 - √ Permanecer conectado
 - Clic en **INICIAR SESIÓN**
- 5) Sesión iniciada

Deseño en Tinkercad (I)

- 1) Clic en **Crear un diseño**
- 2) Interface cargada
- 3) No panel dereito facer clic en Cilindro
- 4) Mover o punteiro do rato ata o “Plano de trabajo” (zona central) e facer clic
- 5) No panel dereito facer clic en Regla
- 6) Mover o punteiro do rato ata o “Plano de trabajo” (zona central), preto do cilindro , na zona inferior esquerda pero sen tocar o cilindro e facer clic
- 7) Modificar as dimensións do cilindro a:
 - x=23.25**
 - y=23.25**
 - z=2.30**
- 8) En Forma (preto do panel da dereita enriba da zona de traballo):
 - Cambiar na propiedade Lados o número 20 polo máximo (64) que permita a interface (mover a posición do círculo de Lados ata a dereita de todo)
 - Cambiar a cor laranxa pola que desexemos facendo clic en Sólido.



- 9) Sacar a regra do “Plano de trabajo” facendo clic na aspa (x).
- 10) Seleccionar o cilindro facendo clic en calquera parte da súa superficie.
- 11) Panel dereito: Clic en Exportar
 - Descargar
 - La forma seleccionada
 - 3dformats
 - Na opción: obj
 - Gardar o ficheiro no cartafol que desexemos, por exemplo: Descargas.
 - Gardarase un zip coa fonte do deseño.
 - Na opción: stl
 - Gardar o ficheiro no cartafol que desexemos, por exemplo: Descargas.
 - Gardarase un ficheiro stl coa fonte do deseño.
- 12) O arquivo obj/stl é o que temos que cargar no programa de laminado(Cura, Slic3r...) para impresión 3D.

Deseño en Tinkercad (II)

- 1) No panel dereito facer clic en Cubo
- 2) Mover o punteiro do rato ata o “Plano de traballo” (zona central), preto do Cilindro, a súa dereita pero sen tocar o cilindro e facer clic.
- 3) Facer clic no plano de traballo, fóra da peza.
- 4) Facer clic co botón dereito do rato, fóra da peza e mover o rato, irase movendo a vista sobre a peza.
- 5) No panel esquerdo:
 - Facer clic en + para aumentar zoom
 - Facer clic en - para disminuir zoom
 - Facer clic en HOME (símbolo da casa) para voltar á vista orixinal
 - Podedes probar as outras opcións e ver como se modifican as vistas.

Observacións:

- Tamén é posible facer zoom coa roda central do rato (roda entre os botóns dereito/esquerdo).
- Facer clic na icona parecida a un recadro ou premer a tecla F, para facer o máximo zoom dunha peza previamente seleccionada.

- 6) No panel dereito facer clic en Regla

7) Mover o punteiro do rato ata o “Plano de traballo” (zona central), preto do Cubo , na zona inferior dereita pero sen tocar o Cubo e facer clic

- 8) Modificar as dimensións do Cubo a:

x=60

y=23.25

z=2.30

- 9) Sacar a regra do “Plano de traballo” facendo clic na aspa (x).

- 10) Seleccionar o cubo facendo clic sobre el.

11) Facer clic no pico de frecha central superior do cubo e mantendo o clic baixar ata a posición 0 de altura sobre o plano (fixarse que a distancia ao plano varía sobre a dereita do cubo/rectángulo)

12) Seleccionar as 2 pezas: cubo e cilindro. Para isto, unha das posibles formas é facer clic no Plano fóra das 2 pezas, e mantendo o clic debuxar un rectángulo arrastrando o punteiro do rato. Soltar o clic do rato.

- 13) Arriba, preto do panel dereito facer clic en Alinear (L) e alinear:

- Á esquerda do cilindro clic no punto medio (eixo y)
- Clic no punto medio na zona máis próxima ao rectángulo (eixo x)

14) Comproba como quedou o alineado facendo o mesmo que no punto 4). Se queres voltar á vista orixinal revisa o punto 5)

15) Facer clic no plano de traballo, fóra das pezas.

16) Facer clic no rectángulo no seu extremo dereito.

17) Modificar Ajustar rejilla (zona inferior dereita) a 5mm.

18) Premer as teclas → (frecha dereita) e ← (frecha esquerda) as posicións necesarias ata que soamente quede unha sección do rectángulo unida polo seu extremo esquerdo ao cilindro.

Observacións:

- Pode ser necesario modificar de novo Ajustar rejilla para conseguir o efecto desexado.
- Se as pezas saen do plano de traballo podemos seleccionalas de novo e movelas a dentro do plano mediante as frechas, ou ben, podemos modificar Ed. Rejilla e aumentar as dimensións do plano de traballo.

19) Seleccionar as 2 pezas: cubo e cilindro. Para isto, unha das posibles formas é facer clic no Plano fóra das 2 pezas, e mantendo o clic debuxar un rectángulo arrastrando o punteiro do rato. Soltar o clic do rato.

- 20) Arriba, preto do panel dereito facer clic en Agrupar (Ctrl+G):

- Á esquerda do cilindro clic no punto medio (eixo y)
- Clic no punto medio na zona máis próxima ao rectángulo (eixo x)

- 21) Mover a agrupación de pezas sobre a zona media do plano de traballo mantendo o clic e movendo o punteiro do rato.
 - 22) No panel dereito facer clic en Plano de Trabajo.
 - 23) Facer clic na zona superior da peza agrupada. Agora o plano sobre o que traballamos é o da superficie superior da peza.
 - 24) No panel dereito facer clic en Texto
 - 25) Facer clic na zona superior da peza agrupada.
 - 26) Preto do panel dereito en Forma modificar:
 - Sólido: Cor Laranxa
 - TEXTO por ABE ou por un nome propio.
 - Fuente: Sans
 - Altura: 20
 - Bevel: 2
 - Segmentos: 5
 - 27) Facer clic no cadrado inferior esquerdo do texto seleccionado e modificar as dimensións:
x=20
y=10
 - 28) Seleccionar de novo as 2 pezas (ver paso 19)
 - 29) Alinear de novo as 2 pezas (ver paso 13)
 - 30) Seleccionar soamente o texto: Facér clic fóra das pezas e logo facer clic no texto.
 - 31) En Forma escoller Hueco.
 - 32) Facer clic no pico de frecha central superior do texto e mantendo o clic baixar o texto ata que atravesese a outra peza. Axúdate das vistas e zoom e tamén do paso 4)
- Observación: Pode ser necesaria á hora de mover o texto modificar Ajustar Rejilla.
- 33) Unha vez atravesado o texto a peza, quedando parte de texto por riba e por baixo agrupa as pezas (ver paso 20)
 - 34) Parabéns!!! Tedes unha moeda do carrito de compra personalizada!!!